



Estimadas familias:

Achégase o momento de celebrar o **Samaín e Halloween** (mércores 30 de outubro) polo que pedimos a vosa colaboración.

Queremos organizar unha **sesión de contacontos** de medo os días 28, 29 e 30 de outubro. Animámosvos a que os familiares (pais, nais, avós, avoas...) veñades ao centro a contarlles un conto ou historia de medo aos alumnos/as. Sería entre as 12: 45h e as 13:30h.

Para anotarvos falade co equipo directivo antes do xoves 24 (inclusive).

Por outra banda, sería interesante que **decorásedes unha cabaza cos vosos/as fillos/as** co obxectivo de facer unha exposición no centro. As cabazas traeranse o luns 28 e recolleranse o mércores 30. As que non sexan recollidas nesta data, tiraranse ao lixo para evitar olores.

Lembrade que o **xoves 31 de outubro**, Día do Ensino, é un **día non lectivo** tal e como sinala a orde de calendario escolar.

Pedimos a vosa colaboración tamén para un correcto funcionamento da praza Ulloa nas horas de entrada e saída respectando as sinais de tráfico.

Moitas gracias pola vosa colaboración.

Un cordial saúdo.